Ourense 13 do abril do 1962.

Sr. Dr. Ricardo Carballo Calero

Lugo

Meu querido amigo e irmán: Vái o abrazo de sempre, o
máis novo e agromado na esperanza cada día, o das Rúas compos-
telás cando Vde era estudante, o do Ferrol na compaña de dous ho-
mes, bós sempre no recordo cabo de nós, o abrazo que fai mo-
zos os vellos e concede ós rapaces unha gravidade de homes.
Vdes - Vde con máis fondura - miran en min o rego de auga que
dende o cumio da serra deica o mar - xa perto tremeluce-
se non deitou en paludes de comprancencia. Estou seguro sin ter
falado dêlo con ninguén e sin ningunha información de como Vde.
fixo diante do xurado unha maxistral lección de historia e
crítica literaria arredor de us cantos nomes e tamén de como
o falar de algunhas obras miñas, inda sin o querer, na voce lle
tremaba unha emoción dos serans de Castelas sobre as colleitas
e as xentes.. Pola mañán do 10, chamado polos estudantes tiven a
honra de compoñer unha curta elexía na cova de Valle Inclán
despois, comendo na casa de García Sabell soupose a nova.. Estou
ledo polo triunfo e confirmación da amizade e a ledicia de xen-
te, a grande, saxada, xentil, humorista xente compostelán as
vegadas atal calada. Foi unha outeada de ledicia dende as

camareiros déica os cóengos. Eu sinto e me dóe a pequena pro ben significativa guerra que se acendeu entre o Risco e mais eu, os nados na mesma casa, onde escribo, no vello Ourense. Tiña de chegar algun día, fatalmente. Pro foi encirrada de maneira de abondo tirana polos amigos non bós do Risco. Un ódeo persoal encima contra min ó Varela. E xa sabe Vde onde remanece isa xenreira. Obrígame moito, xa na vellez, iste novo triunfo do Galeguismo. Ben logo, si Deus axudar porei-me a outros libros de contos e as miñas lembranzas. Istas pídemas García Sabell sempre que falamos.

Estou desexando falar con Vde. Saudos de Fita pra Vdes. meus respetos a sua dona con lembranzas as xentiles nenas. Sempre vello e agradecido admirador e amigo

Ramón Otero Pedrayo

C
2 1163